

ARDENTÍA

Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial - Nº6

SE VAS A CARRIL...

X Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia

Acolá están as illas...

Cortegada, Ons, Sisargas, Arousa, ínsuas fluviaais...

A ILLA DE ONS; UNHA MESTURA DE TERRA E MAR

Celestino Pardellas de Blas

Sobre a Ons anterior ao ano 1810, moi pouco temos que nos axude a coñecer a súa historia. Supoñemos que estivo habitada dende épocas paleolíticas polos achados atopados, que na etapa castrexa houbo poboación debido á existencia dun castro no barrio de Canexol, apareceron moedas e unha posible salga de orixe romana, da Idade Media hai un sepulcro antropomorfo nas proximidades da praia de Area dos Cans e, a partir do século XV Ons, que pertencía ao Arcebispado, dun xeito estraño, pasa a mans particulares por medio dun Foro. Ata esta data, século XV, os poucos datos que temos. A partir do xurdir do Foro e ao estar Ons en mans particulares, si vai xerar un importante número de documentos, preitos a maior parte que, debido á falla de estudos exhaustivos sobre a súa historia, dormen placidamente en bibliotecas, mosteiros, arquivos,..

Sobre as diferentes comunidades que viviron en Ons ao longo dos tempos podemos intuír que na etapa castrexa había unha actividade marisqueira, pois en diferentes lugares do castro atopáronse gran cantidade de cunchas de lapas, mexillóns, ostras,..., que demostran un marisqueo, polo menos, para autoconsumo.

Da etapa romana está datado o xacemento do cantil da praia de Canexol do que Paula Ballesteros nos conta 1: “A descrición e análise das estruturas na praia de Canexol lévanos a pensar que, por analoxía co rexistro arqueolóxico documentado noutros xacementos de similares características emprazados ao longo da costa parece que, en conxunto, formarían parte dun-

ha factoría romana de salgadura, ou polo menos dun asentamento con algunha instalación de salgadura, localizado nas proximidades do castro e na beira do areal”. A investigación deste xacemento pode poñer-nos no camiño dunha poboación illán dedicada a tarefas pesqueiras con altos coñecementos en conservación do peixe.

Dende aquí temos que dar un salto ata os séculos XV - XVII. Hipólito De Saa Bravo 2, estudoso do mundo monacal galego, cóntanos as dedicacións que os monxes que habitaban en Ons tiñan: “... Illas de Ons, viviron monxes beneditinos da Recolección que se reunían na igrexa ás horas dos divinos oficios”; “...sen que faltasen os monxes que como ermitáns retirábanse ás soidades da Illa, para vivir como ermitáns, modalidade que impulsou ó Capítulo General da Congregación de Valladolid a transformar o Mosteiro de Poio en Casa de Recolección, dada a facilidade que ós monxes recolectos se lles ofrecía para retirarse ás Illas de Tambo, San Simón e Ons...”; “solicitud presentada ó General da Congregación por uns monxes recolectos, no século XVIII, que desexaban fundar unha Casa de Recolección nas Illas de San Simón, independente do Mosteiro de Poio, solicitude que foi rexeitada, pero entre os solicitantes figuraba un monxe recolecto que con outros vivía na Illa de Ons: *Petrus monachus qui in Ionis insula cum fratibus degentibus ...*”.

En charlas posteriores mantidas con De Saa comentou que moitos deste monxes xunto, supoñemos, aos

1 Paula Ballesteros Arias: “O xacemento romano do cantil de Canexol (Illa de Ons, Bueu). O esquecemento do recurso mariño”. Revista AUNIOS, Nº 13. Páxs.: 45-54. 2008.

2 Celestino Pardellas de Blas: “A propiedade da Illa de Ons. O Cabildo Catedralicio”. Carta de Hipólito de Saa. AUNIOS, nº 7. 2003.



habitantes de Ons daquela centuria, tiñan un pequeno comercio de polbo cos monxes da vila de Marín, xa que, en varios documentos saían reflectidos intercambios comerciais de polbo entre os monxes de Tambo, Ons e o Priorado de Marín 3.

Dende o século XV e ata o ano 1810 hai unha interesante cantidade de documentación, sobre todo preitos, da que podemos entresacar que a Illa estivo habitada durante estes séculos pero dun xeito interrompido debido ás numerosas incursións que sufriu. Tamén que a dedicación tanto da Illa como dos seus habitantes era gandeira e agrícola polos numerosos preitos que hai sobre pastos, roubo de gando, caza,... E finalmente un bo número de expedientes, legados,... que teñen que ver coa propiedade da Illa. En ningunha da documentación consultada atopamos datos referidos a temática marítimo – pesqueira, agás naufraxios, complicidade de veciños con piratas franceses,...

Polo pescudado, parece probable que os habitantes de Ons ao longo dos séculos se dedicaron á gandería e á agricultura e que a pesca era empregada para autoconsumo e, posiblemente, algunha venda que poderían facer ás naves que ata alí se achegaban.

Xa postos a comezos do século XIX, e antes de 1810, Ons atopábase deshabitada, pero pescadores da zona do Barbanza que se achegaban a pescar ás súas augas, parece ser que, en época de sementeira, levaban ás súas mulleres ata Ons e, mentres realizaban as tarefas pesqueiras, estas dedicábanse a labrar a terra. Despois ían cada certo tempo para o seu coidado e finalmente a facer a colleita.

Cando en 1810 a Junta Provincial de Armamento da Provincia de Santiago decide instalar en Ons unhas baterías de defensa, atopan unha illa baleira pero con indicios de ser aproveitada agricolamente, polo que, ao carón de facer os planos para a instalación das baterías e de poñerse en contacto cos donos para dar o seu permiso, tamén entran en conversas cos pescadores que alí sementaban co fin de comezar a recolectar man de obra para iniciar os traballos.

Non sabemos se as familias destes mariñeiros do Barbanza foron finalmente recrutados para traballar, o que si hai datos é de que a gran maioría dos obreiros que viñeron a Ons para a construción das fortificacións - baterías procedía da bisbarra do Morrazo e



Sepulcro antropomorfo coñecido como “Laxe do Crego”.

curiosamente unha grande maioría da parroquia pontevedresa de Salcedo.

A partir dese ano, 1810, comeza a última repoboación de Ons que chega ata os nosos días. Estes, ao principio obreiros, foron paseniñamente instalándose en Ons e alí van permanecer pagando unha renda aos, supostos, propietarios polos terreos que cultivaban, onde construíron tamén a súa vivenda. Durante os primeiros anos, aproximadamente ata 1845, a súa principal dedicación foi a terra, eran agricultores e os máis poderosos economicamente, tamén gandeiros. Durante eses primeiros anos, de novo, a pesca ocupaba un segundo lugar, o do autoconsumo e para quitar uns cartiños vendendo polbo, peixe e marisco ao encargado da fortificación que despois o mandaba, para a súa venda en terra, no galeón que traía mercadorías.

Ao non levarse a cabo o remate da fortificación e despois dos preitos habidos entre o que se consideraba dono (o Marqués de Valladares), coa Igrexa, cos descendentes do capataz da fortificación e con algúns

3 Sinto non ter referencia deses documentos, xa que, no momento de contactar con Hipólito De Saa non os tiña a man e despois perdemos o contacto debido ao seu pasamento.



Bateria coñecida como “Castelo da Rueda”, próxima ao peirao.

veciños, dun xeito pouco claro, se resolve a favor do Marqués de Valladares, que queda como único “propietario”. A mediados do século XIX, o Marqués aluga a uns fomentadores cataláns os terreos próximos ao peirao onde antes estiveran instaladas os barracóns onde durmían os obreiros e alí instalan unha fábrica de salga. Esta industria da salga vai traer un importante cambio económico: a agricultura e gandería pasan ao campo do autoconsumo e o traballo na fábrica e a pesca van a ocupar os labores dos illáns.

Nun primeiro intre, esta fábrica vai ocupar un lugar preferente dentro da salga da ría de Pontevedra. O motivo era ben claro: a pesca realizábase preto da Illa e, ao cargar, íase a vender a ela, co que, nunha mesma xornada poderían facer dúas vendas ao ter comprador ao seu carón.

Esta industria vai traer cara a Ons moitos barcos de pesca e os illáns buscan enrolarse neles. Nun principio tivérono difícil debido á súa escasa experiencia como mariñeiros, pero xurdiu unha idea que provocou o seu enrolamento.

Os illáns máis poderosos (tiñan casa ampla, terras e

gando), propuxéronlle aos armadores – patróns que viñan pescar a posibilidade de quedar a durmir nas súas casas durante a semana e así poderían pescar, vender e non ter que desprazarse diariamente aos seus lugares de orixe e a cambio eles enrolaban a alguén da familia. O resultado foi moi positivo pois, en pouco tempo, os veciños enrolados aprenderon o oficio, mercaron dornas e comezou a aventura mariñeira dos habitantes da Illa de Ons.

A fábrica de salga pechou axiña, durou arredor de 10 anos, pero os illáns xa entraran no mundo mariño e comezaron a explotar os seus recursos, principalmente, polbo e congro, que eran dúas especies que abundaban na súa costa, moi demandadas e de doada conservación por medio da salga e secado. Aínda así, tiñan grandes dificultades para a venda ao ter que desprazarse ata Bueu, Cangas, Pontevedra ou Portonovo e despois alí malvender, por mor das estratexias que os mercadores buscaban ao saber que non ían volver coa mercadoría de novo á Illa.

A fábrica de salga trouxo un renacer económico aos illáns, aprenderon o oficio de mariñeiro e as mulleres traballaron na salga. Ao pechar esta e coa dificultade para a venda que tiñan os seus produtos pesqueiros, provocou uns anos de dificultades ata que, a partir do ano 1919, cando xorde en Ons unha Sociedade Limitada que, dirixida polo “dono” da Illa, o Sr. Riobó, vaise dedicar ao secado e comercialización de polbo e congro. De novo van atopar traballo e comercialización na propia Illa dos seus produtos e con iso outro pulo económico.



Mariñeiro pescando polbo coa arte do espello.



A Illa de Ons era un dos maiores viveiros de polbo e non menos de congro. Os illáns eran expertos pescadores destas especies pois víñana realizando dende sempre, para autoconsumo, nas baixamares, polas rochas da Illa, sen necesidade de embarcación.


Despois da fábrica de salga a familia Riobó representou para os veciños outro importante empurrón económico e a dedicación definitiva dos homes ao mar, quedando os traballos da terra (agricultura e gandería) para as mulleres, agás os intres de sementeira e recoleita onde toda a familia botaba unha man.

Ao carón de andar “á marea” polas rochas illáns, os mariñeiros aprenderon o manexo e emprego da dorna para á pesca do polbo que realizaban de dous xeitos principalmente: coa arte do Espello e coa Raña, especialidades nas que chegaron a ser verdadeiros expertos ata a chegada da nasa polos anos 60 do pasado século.

Didio Riobó compraba todo o polbo e congro que se pescaba en Ons. Facíao, segundo conta Álvaro das Casas 4: “... Por ano os pescadores de Ons pillan uns 80.000 quilos de polvo; nun día teñen collido a 1.500 quilos, e algúns polvos de 15 quilos e máis de metro e meio de longura. A medida para a venda é a cubeta, que leva uns 6 quilos e Riobó paga por ela 3 pesetas. A cubeta divídese en catro partes que se chaman cartóns. Riobó, que monopoliza a compra do polvo, merca por día e paga por semán: Tantas cubetas, tantos cartóns e tantos medios cartóns...”.

Á morte do Sr. Riobó no ano 1936, quedou como administrador da Illa o Sr. Gaspar Massó que vai seguir co mesmo funcionamento da Sociedade que levaba o Sr. Riobó, aínda que a aumenta coa compra doutras especies e peixes e mariscos, pois tiña un bo mercado coas súas industrias conserveiras.

No ano 1945 a Illa é expropiada polo Estado (Ramo de Guerra) e remata a compra de peixe polo Sr. Massó na Illa. De novo, ao non poder vender a pesca na propia Illa, os illáns vense na obriga de facer longos desprazamentos para a súa venda, como xa fixeran antes, ás lonxas e prazas de Bueu, Portonovo, Pontevedra e Cangas. A partir de aquí a pesca diversifícase e entran a formar parte das súas capturas mariscos coma o percebe, centola e nécora. Comezan a traballar con artes de rede novos para eles coma os miños, as raeiras,... Empezan a usar artes de arrastre como o can e



Veciños de Ons cultivando os terras.

a baquita. E xa, a principios dos anos setenta, xurde a nasa para diferentes tipos de especies. Pero o gran cambio na vida dos illáns e na pesca veu da man dos barcos. A principios dos anos 60 os illáns con máis recursos abandonan a dorna como único barco de pesca e comezan a merca de barcos a motor. Isto trae un enorme problema ao non podelo varar na praia para o seu resguardo como facían coas dornas, o que obrigou, nun principio, aos armadores e patróns, a ter que emigrar cara a portos que deran acubillo á nova flota e posteriormente facelo os mariñeiros. No ano 1979 todos os veciños de Ons tiñan casa en Bueu, maioritariamente, ou en Portonovo.

A partir da merca dos barcos a motor, a economía illán recibe un gran pulo que vai repercutir moi positivamente na vila á que acudiron a vivir, Bueu, e posteriormente en Ons cando, montada a súa casa en terra, comezan a rehabilitación da que, por mor da emigración forzosa á que se viron sometidos, deixaran deshabitada en Ons.

Aínda que hoxe en día os illáns levan unha vida folgada, hai que recoñecer que a súa vida en Ons, durante case dous séculos, foi durísima e viviron no máis triste dos illamentos e esquecida de todas as administracións. Todo o que conseguiron foi grazas ao seu traballo.

4 Álvaro das Casas: “A Illa de Ons”. *Nós*. Nº 131-132. Santiago 1934.